

As imaxes en grupo máis antigas da Universidade de Santiago

Ven a luz, por vez primeira, os rostros de profesores e alumnos da Universidade de Santiago retratados en 1882. Son as primeiras imaxes en grupo desta institución. O seu autor é o fotógrafo francés Jules David-Cavaz e foron localizadas polo Arquivo Histórico Universitario. A partir deste achado, o fohistoriador Carlos Castelao leva a cabo un rigoroso e revelador estudo dos fotografados, da propia Universidade en 1882, e do moi descoñecido autor das imaxes.

Santiago de Compostela, marzo de 2022.- A localización no Arquivo Histórico Universitario de Santiago a comezos de 2021 de dez fotografías inéditas do ano 1882 está na orixe desta obra. Leva por título *A Universidade retratada. Jules David-Cavaz en Galicia (1882)*, escrita polo fohistoriador Carlos Castelao e coeditada por Alvarellos Editora e a Universidade de Santiago de Compostela.

Nas imaxes localizadas aparecen retratados varios grupos de catedráticos, estudantes e persoal da Universidade de Santiago de Compostela, un achado de enorme valor documental e histórico que revela, por vez primeira, os rostros e as imaxes en grupo máis antigas das coñecidas ata agora da Universidade de Santiago. O autor das instantáneas é un destacado artista francés ambulante, Jules David-Cavaz, considerado hoxe o primeiro gran fotógrafo de ámbito europeo.

O fohistoriador Carlos Castelao, despois dunha intensa e rigorosa investigación, emprendeu un arduo traballo de rescate gráfico da vida e obra de David-Cavaz, un profesional do que ben pouco se coñecía ata hoxe, e de quen chegou a localizar ata noventa e cinco fotografías galegas.



Páxinas: 132. Formato: 20 x 19 cms.
Impreso a cor en papel ecolóxico. Cosido a fío.
ISBN 978-84-18567-15-5. PVP: 24, 00 €

O autor ofrece nas páxinas desta *Universidade retratada* un volume que é todo un gozo: exhuma máis de cento cincuenta imaxes, a maior parte delas descoñecidas pero, sobre todo, leva a cabo un minucioso estudo deses rostros, deses nomes que poboaban as aulas de Compostela naquel 1882, entre eles, por certo, os de moitos dos grandes pensadores que alicerzaron a Galicia actual, e que, dende estas páxinas, nos interpelan século e medio despois.

Carlos Castelao (Madrid, 1970) é fohistoriador e deltiólogo. Especializado no século XIX e principios do XX, ten unha longa traxectoria avalada por varias publicacións e a participación en numerosas conferencias e encontros, sempre cun obxectivo divulgativo e de conservación do noso patrimonio. En 2018 publicou *As orixes da fotografía en Galicia. Estudios composteláns do XIX* (Alvarellos Editora-Consortio de Santiago), fito da historia da fotografía galega, obra recoñecida cos premios Antón Losada Diéguez (2019) e Ramón Baltar Feijóo (2020), así como finalista da Gala do Libro Galego 2019 e do premio Mondoñedo10 (2019) ao mellor ensaio da década.

Contacto co autor : cicastelao@yahoo.es - 653 35 10 44

